

I ENCONTRO DA REDE INTERAUTONÓMICA DE MEMORIA HISTÓRICA

Declaración Institucional de compromiso coa memoria histórica
Navarra, 16 de marzo de 2018

A Convivencia é un dos obxectivos básicos e ineludibles en todas as sociedades democráticas, e para lograr que esa convivencia sexa real e xusta é preciso proxectar unha ollada crítica do pasado; unha ollada que, partindo duns valores democráticos e uns principios éticos firmes, condene todas as violacións dos Dereitos Humanos cometidas.

O golpe militar do ano 1936 desatou unha vaga de violencia que provocou unha terrible e irreparable dor na nosa sociedade. Decenas de miles de persoas foron inxustamente asasinadas, feridas, encarceradas, represaliadas ou mesmo forzadas ao exilio. O noso compromiso, desde o respecto dos Dereitos Humanos e a defensa dunha cultura de paz, tolerancia e respecto, está con aquelas persoas que sufriron a inxustiza da violencia tras o golpe militar de 1936 e durante a ditadura franquista.

As administracións públicas temos a responsabilidade de impulsar, de xeito activo, políticas que poñan en valor a lembranza do acontecido coma unha forma de avanzar cara a consolidación dunhas sociedades máis éticas, xustas, solidarias e democráticas. O esquecemento e a desmemoria debilitan os piares dos nosos principios democráticos; porque só coa memoria poderemos dar resposta ao dereito das vítimas á verdade, á xustiza e á compensación.

Hoxe, 16 de marzo de 2018, en Navarra, as Comunidades aquí presentes aprobamos a seguinte Declaración Institucional:

1. Porfiamos na nosa condena do golpe militar de 1936 e da ditadura franquista e afirmamos o noso compromiso cunha cultura de paz, respecto e tolerancia.
2. Amosamos o noso compromiso coa memoria como ferramenta de lembranza da inxustiza da violencia e como medio para construír sociedades máis xustas, máis éticas, máis solidarias e máis democráticas, sociedades onde aqueles tráxicos acontecementos non se produzan de novo.
3. Reiteramos o noso compromiso cos Dereitos Humanos e co dereito das vítimas á verdade, á xustiza e á compensación.